

1.IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA

FACEMOS GALLETAS

NIVEL

3º

ETAPA

EDUCACIÓN PRIMARIA

MESTRES

ÁREA/S

LINGUA GALEGA E MATEMÁTICAS

DESCRICIÓN DA TAREFA:

Os nenos/as deberán preparar unhas galletas na cociña da escola, para agasallar ás familias despois da reunión que terán no centro (valería tamén despois do festival de Nadal, letras galegas, actividade de biblioteca, etc.)
Decidirán a receita que van seguir, calcularán e mercarán os ingredientes, cociñarán, e etiquetarán as galletas.

XUSTIFICACIÓN DA UDI:

Esta tarefa, entre outras, formará parte da unidade /proxecto da alimentación que integrará saberes das áreas de ciencias naturais, matemáticas, artística, valores sociais e cívicos e lingua.
As actividades e os exercicios realizaranse combinando o traballo individual co de equipo, empregando, neste caso, estruturas simples de traballo cooperativo.

CONTEXTO:

Esta UDI desenvolverase no contexto educativo pero o produto final vai dirixido ao contexto persoal, dado que as galletas son un agasallo para as familias.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES COMPETENCIAS	ACTIVIDADE
B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter información e modelos para a lectura.	B2.5. Utilizar de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.	LGB2.5.1. Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura. (pendente de rubricar) CCL, CD, CAA	1.Buscar receitas de galletas empregando diferentes fontes de información.

• B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas (expresións espontáneas, informacións, conversas reguladores da convivencia, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, posturas e xestos adecuados). • • B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte e regras de xogos. • B2.2. Comprensión de información xeral en textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas. • B2.3. Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descrições, instrucións e explicacións). •	B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	LGB1.5.6. Participa na conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente CCL, CSC, CCEC, CAA LGeL 2.1.3 Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo. CCL, CSIEE, CAA	2.Seleccionar por equipos a receita menos calórica e máis fácil de elaborar.
--	--	---	--

• B1.5. O traballo cooperativo. • B1.6. Técnicas de estudo e traballo. • B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. •	B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. CAA, CMCCT, CSC, CSIEE	3. Elaborar, empregando a estrutura de lapis ao centro un texto oral para argumentar a súa elección fronte ao resto da clase.
• B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: o ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos	B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB.2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións. CCL CSC CSIEE VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais. CCL CAA CSIEE	4. Elixir unha única receita para a clase.
B2.8. Operacións con números naturais: adición, subtracción, multiplicación e división enteira por un número dunha cifra. B2.10. A multiplicación como suma de sumandos iguais e viceversa. B2.11. Construción e memorización das táboas de multiplicar. B2.19. Resolución de problemas da vida cotiá.	B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.2Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. CMCCT, CAA, CSIEE MTB 2.3.2 Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados CMCCT, CAA	5. Calcular a cantidade de ingredientes necesarios para 50 persoas.

B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas etc. Resultados obtidos. B2.1. Números naturais ata o 10.000. B2.2. Nome e grafía dos números ata o 10.000. B2.4. O sistema de numeración decimal: valor posicional das cifras.	B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada). CMCCT, CAA, CCL MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000. CMCCT, CCL	6. Decidir en que súper sairá máis barata a compra. Comparar prezos usando folletos ou páxinas webs dos comercios.
B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor. B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións..., de acordo coas características propias destes xéneros.	B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	LGB3.2.1 Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións... NON RUBRICAR CCL, CAA, CD LGB 4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas. CCL, CSC, CCEC LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. CCL, CAA, CSIEE	7. Organizar e realizar a saída á compra: data, hora, tempo necesario, medios.... Solicitar mediante modelo de instancia dado os cartos necesarios para mercar os ingredientes.
B2.10. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais.	B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais. CMCCT	8. Facer unha etiqueta coa composición e información nutricional das galletas.

B3.3. Realización de medicións. B5.1. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguetes, móbiles, tesoiras, roda, manivelas, espremedor, reloxo, pinzas, triturador...). B3.7. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.	B3.1. Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, peso/ masa, capacidade e tempo, en contextos reais. B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e observar o seu uso na vida cotiá. B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	MTB 3.1.2 Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. CMCCT, CAA CNB5.1.1. Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento. CMCCT VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. CSC, CSIEE	9. Elaborar as galletas.
B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor. B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións..., de acordo coas características propias destes xéneros.	B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB 3.1.2. Elabora o texto con coherencia xeral e de xeito creativo. CCL, CAA, CSIEE	10. Escribir a receita definitiva indicando as cantidades correctas.
B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.	B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final. B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente	EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas. CCEC, CAA EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo. CCEC, CSC	11.Facer as bandexas.
			12. Levar a cabo o acto de agasallo

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
1.Buscar receitas de galletas empregando diferentes fontes de información.	LGB2.5.1. Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.		
2.Seleccionar por equipos a receita menos calórica e máis fácil de elaborar.	LGeL 2.1.3 Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.	CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	LGB1.5.6. Participa na conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente
3. Elaborar, empregando a estrutura de lapis ao centro un texto oral para argumentar a súa elección fronte ao resto da clase.	CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.		
4. Elixir unha única receita para a clase.	VSCB.2.1.1. Expresar con claridade opinións , sentimentos e emocións.	VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.	
5.Calcular a cantidade de ingredientes necesarios para 50 persoas.	MTB2.4.2Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	MTB 2.3.2Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados	
6.Decidir en que súper sairá máis barata a compra. Comparar prezos usando folletos ou páxinas webs dos comercios.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.(*)	
7. Organizar e realizar a saída á compra: data, hora, tempo necesario, medios...Solicitar mediante modelo de instancia dado os cartos necesarios para mercar os ingredientes.	LGB3.2.1 Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións... (*)	LGB 4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básica aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
8. Facer unha etiqueta coa composición e información nutricional das galletas.	CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.		
9. Elaborar as galletas.	MTB 3.1.2 Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida	CNB5.1.1. Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento	
10. Escribir a receita definitiva indicando as cantidades correctas.	LGB 4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básica aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.	LGB 3.1.2. Elabora o texto con coherencia xeral e de xeito creativo.	
11.Facer as bandexas.	EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.	EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.	
12. Levar a cabo o acto de agasallo			

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
1. Buscar receitas de galletas empregando diferentes fontes de información.	1.1. Atopar 4 receitas de galletas en diferentes páxinas web proporcionadas polo/a profesor/a			
2. Seleccionar por equipos a receita menos calórica e máis fácil de elaborar.	2.1. Ler comprensivamente cada receita.	2.2. Busca do significado de palabras no dicionario	2.3. Facer unha listaxe de ingredientes, indicando a que grupo pertencen.	2.4. Decidir a receita do seu equipo
3. Elaborar, empregando a estrutura de lapis ao centro un texto oral para argumentar a súa elección fronte ao resto da clase.				
4. Elixir unha única receita para a clase.	4.1. Comparar as receitas dos diferentes equipos.			
5. Calcular a cantidade de ingredientes necesarios para 50 persoas.	5.1. Calcular, mediante sumas, a cantidade necesaria para unha persoa.	5.2. Calcular, mediante sumas, a cantidade necesaria de cada ingrediente para as 50 persoas.	5.3. Transformar as sumas anteriores en multiplicacións.	5.4. Construír a táboa de multiplicar do número correspondente.
6. Decidir en que súper sairá máis barata a compra. Comparar prezos usando folletos ou páxinas webs dos comercios.	6.1. Elaborar unha ficha-guión coa planificación do proceso de traballo.	6.2. Facer os cálculos seguindo o guión elaborado.	6.3. Ordenar os comercios atendendo ao prezo total e decidir en cal se fará a compra.	
7. Organizar e realizar a saída á compra: data, hora, tempo necesario, medios... Solicitar mediante modelo de instancia dado os cartos necesarios para mercar os ingredientes.	7.1. Identificar as partes dunha solicitude.	7.2. Escribir, de xeito guiado, o texto da solicitude.	7.3. Cubrir todos os apartados da solicitude.	7.4. Comprobar que están correctamente cubertas todas as partes da instancia.
8. Facer unha etiqueta coa composición e información nutricional das galletas.	9.1. Identificar os nutrientes das galletas.	9.2. Escribir os nutrientes na etiqueta.		
9. Elaborar as galletas.	10.1. Medir masas/volume dos ingredientes.	10.2. Realizar as mesturas e dar forma ás galletas.	10.3. Seleccionar a temperatura e o tempo de coción.	10.4. Lavar, recoller e ordenar.
10. Escribir a receita definitiva indicando as cantidades correctas.	11.1. Escribir o guión da receita.	11.2. Cumprimentar o guión.	11.3. Seguindo instrucións, ilustrar a receita con fotos ou debuxos.	
11. Facer as bandexas.	12.1. Facer un modelo-plantilla para a bandexa, tendo en conta criterios de aproveitamento de materiais.	12.2. Calcular as bandexas necesarias.	12.3. Calcular a cantidade de cartolina necesaria.	12.4. Recortar as bandexas e as blondas seguindo instrucións.
12. Levar a cabo o acto de agasallo				

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADES	MODELO DE PENSAMENTO	MODELO ENSINO-APRENDIZAX E	ESCENARIO	AGRUPAMEN TO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMP.
1.Buscar receitas de galletas empregando diferentes fontes de información.	Analítico	Condutual	Aula de informática biblioteca	Individual	Ordenador, conexión a internet, impresora, folios	1 sesión
2.Seleccionar por equipos a receita menos calórica e máis fácil de elaborar.	Deliberativo	Social-Cooperativo	Aula	Pequeno grupo	Receitas, folios; apuntamentos, libros, textos...	2 sesións
3. Elaborar, empregando a estrutura de lapis ao centro, un texto oral para argumentar a súa elección fronte ao resto da clase.	Reflexivo	Social-Cooperativo	Aula	Pequeno grupo	Recursos da aula	2 sesións
4. Elixir unha única receita para a clase.	Analítico, Deliberativo	Social-Cooperativo	Aula	Gran grupo	Recursos da aula	1 sesión
5.Calcular a cantidade de ingredientes necesarios para 50 persoas.	Analítico Analóxico	Cognitivo-Constructivo	Aula	Pequeno grupo	Recursos da aula	3 sesións
6.Decidir en que súper sairá máis barata a compra. Comparar prezos usando folletos ou páxinas webs dos comercios.	Práctico	Cognitivo-Constructivo	Aula de informática biblioteca	Ppequeno grupo	Folletos, ordenador, conexión a internet	1 sesións
7. Organizar e realizar a saída á compra: data, hora, tempo necesario, medios...Solicitar mediante modelo de instancia dado os cartos necesarios para mercar os ingredientes.	Práctico	Condutual Social	Aula	Gran grupo e individual	Recursos da aula	2 sesións
8. Facer unha etiqueta coa composición e información nutricional das galletas.	Analítico	Cognitivo-Constructivo	Aula	En grupo	Recursos da aula	2 sesións
9. Elaborar as galletas.	Práctico	Condutual	Aula - Cocina	Individual	Ingredientes, utensilios de cocíña, forno..	1 sesión
10. Escribir a receita definitiva indicando as cantidades correctas.	Lóxico Reflexivo	Cognitivo-Constructivo	Aula	Individual	Recursos da aula	1 sesión
11.Facer as bandexas.	Práctico	Condutual	Aula	Pequeno grupo	Cartolinas, papel, tesoiras, pegamento	1 sesión
12. Llevar a cabo o acto de agasallo	Práctico	Social	Sala multiusos	En gran grupo		

4. AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES

APRENDIZAXE ACTIVIDADE 1. Buscar receitas de galletas, empregando diferentes fontes de información

LGB2.5.1. Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual.	Utiliza autonomamente todas as páxinas web proporcionadas e atopa catro receitas.	Utiliza autonomamente máis dunha das web proporcionadas e atopa tres receitas.	Utiliza con axuda puntual só unha das páxinas web proporcionadas e atopa dúas receitas.	Precisa axuda para atopar unha receita.	Segundo o grupo clase e o perfil individual.	Observación directa

ACTIVIDADE 2. Seleccionar por equipos a receita menos calórica e máis fácil de elaborar.

LGeL 2.1.3 Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual.	Busca e localiza os seguintes elementos: Ingredientes, pasos seguidos na preparación, utensilios e tempo de elaboración sen precisar axuda externa e formula alternativas á receita orixinal.	Busca e localiza os seguintes elementos: Ingredientes, pasos seguidos na preparación, utensilios e tempo de elaboración sen precisar axuda externa.	Busca e localiza polo menos tres dos seguintes elementos: Ingredientes, pasos seguidos na preparación, utensilios e tempo de elaboración precisando axuda puntual	Manifesta pouco interese pola busca e non localiza a información relevante recollida na receita nin coa axuda do profesorado	Segundo o grupo clase e o perfil individual.	Portafolios
	Ten un plan claro, e o explica en profundidade, para organizar a información que lle permita seleccionar a receita máis adecuada.	Ten claros os criterios de selección, e os explica de forma sinxela, para seleccionar a receita máis adecuada.	Ten claros os criterios de selección, e sábeo explicar parcialmente, para seleccionar a receita máis adecuada.	Non ten claros os criterios de selección, ou non sabe explicalos, que lle permiten seleccionar a receita máis adecuada.		

LGB1.5.6. Participa na conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
---	---	---	---	---	---	---------------------------

Segundo o grupo clase e o perfil individual	Intervén na conversa respectando a quenda escoitando e incorporando aos seus argumentos o que os demais aportan.	Participa na conversa respectando a quenda, escoitando e comprendendo o que din os demais.	Participa na conversa respectando a quenda.	Non participa na conversa	Segundo o grupo clase e o perfil individual	ESCALA DE OBSERVACIÓN
---	--	--	---	---------------------------	---	-----------------------

ACTIVIDADE 3. Elaborar, empregando a estrutura de lapis ao centro, un texto oral para argumentar a súa elección fronte ao resto da clase.

CNB 1.3.1 Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	O alumno aporta a súa opinión ou argumentos na quenda que lle corresponde, está atento ao que din os demais, corrixindo ou puntualizando, pide e acepta axuda cando a necesita e presta axuda a quen lla demanda.	O alumno aporta a súa opinión ou argumentos na quenda que lle corresponde, está atento ao que din os demais, corrixindo ou puntualizando, pide e acepta axuda cando a necesita.	O alumno aporta a súa opinión ou argumentos na quenda que lle corresponde, está atento ao que din os demais, pero non corrix e nin puntualiza e pide e acepta axuda cando a necesita.	O alumno non aporta a súa opinión ou argumentos na quenda que lle corresponde, non está atento ao que din os demais, nin pide nin acepta axuda cando a necesita.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	ESCALA DE OBSERVACIÓN (Caderno do equipo)

ACTIVIDADE 4. Elixir unha única receita para a clase.

VSCB.2.1.1. **Expresar con claridade opinións**, sentimentos e emocións.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	Expresa a súa opinión co vocabulario axeitado, aludindo aos criterios empregados, con boa entonación, pronunciación correcta, vocalizando ben, mirando aos compañeiros/as e introducindo algún recurso creativo.	Expresa a súa opinión con vocabulario axeitado, boa entonación, pronunciación correcta e vocalizando ben	Expresa a súa opinión coa pronunciación correcta, vocalizando ben, introducindo aclaracións coa axuda do profesor/a.	Logra expresar a súa opinión, coa pronunciación correcta aínda que con erros de vocalizando, seguindo as indicacións do profesor/a.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	EXPOSICIÓN ORAL

VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.

LISTA DE COTEXO :

Utiliza un volume de voz adecuado á situación..... SÍ /NON

ACTIVIDADE 5. Calcular a cantidade de ingredientes necesarios para 50 persoas.

MTB2.4.2 Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	Usa unha estratexia eficiente e eficaz para calcular as proporcións de todos e cada un dos ingredientes, revisando e identificando os posibles erros.	Usa unha estratexia eficaz para calcular as proporcións de todos e cada un dos ingredientes, revisando e identificando os posibles erros.	Usa unha estratexia eficaz para calcular a proporción de algún dos ingredientes pero non revisa o proceso para identificar os posibles erros.	Usa unha estratexia inadecuada para calcular a proporción dos ingredientes pero non revisa o proceso para identificar os erros.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	PORTAFOLIOS

MTB 2.3.2 Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.

+				D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	Transforma, de xeito autónomo, as sumas en multiplicacións e aplica o proceso para construír as táboas de multiplicar	Transforma, con axuda, as sumas en multiplicacións e aplica o proceso para construír as táboas de multiplicar	Transforma, con axuda, as sumas en multiplicacións e aplica, con dificultade, o proceso para construír a táboa de multiplicar.	Precisa de moita axuda para transformar as sumas en multiplicacións e construír a táboa de multiplicar.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	PORTAFOLIOS

ACTIVIDADE 6. Decidir en que súper sairá máis barata a compra. Comparar prezos usando folletos ou páxinas webs dos comercios.

MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
---	---	---	---	---	---	---------------------------

Segundo o grupo clase e o perfil individual	Analiza e comprende o enunciado do problema. Planifica o proceso de resolución do mesmo, recolle os datos nunha táboa, realiza as operación matemáticas axeitadas, compara os resultados obtidos e razoa o resultado.	Comprende o enunciado do problema. Planifica o proceso de resolución do mesmo, recolle os datos nunha táboa, realiza as operación matemáticas axeitadas, compara os resultados obtidos.	Comprende o enunciado do problema. Planifica con axuda o proceso de resolución do mesmo, recolle os datos nunha táboa, realiza as operación matemáticas axeitadas, compara os resultados obtidos.	Comprende con dificultade o enunciado do problema. Recolle os datos nunha táboa, realiza as operación matemáticas axeitadas.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	PORTAFOLIOS
---	---	---	---	--	---	-------------

MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000. (NON PRECISA RUBRICA)

ACTIVIDADE 7. Organizar e realizar a saída á compra: data, hora, tempo necesario, medios...Solicitar mediante modelo de instancia dado os cartos necesarios para mercar os ingredientes.

LGB3.2.1 Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...(NON PRECISA RUBRICA)

LGB 4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básica aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	Non hai erros de ortografía nin puntuación no documento final.	Hai un erro de ortografía e/ou puntuación no documento final.	Hai de dous a tres erros de ortografía e/ou puntuación no documento final.	O documento final ten máis de tres erros de ortografía e/ou puntuación.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	(SOLICITUDE/ RECEITA)

LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	O texto para o corpo da solicitude recolle argumentando a necesidade do que solicitan.	O texto para o corpo da solicitude recolle a necesidade do que solicitan.	O corpo da solicitude ten varios erros que fan difícil entendela.	Na solicitude non se argumenta a necesidade do que se solicita	Segundo o grupo clase e o perfil individual	A SOLICITUDE

individual	Desenvolve o proceso de escritura (planificación, escritura e revisión). Termina o traballo sen precisar axudas externas producindo un texto excelente.	Desenvolve o proceso de escritura (planificación, escritura e revisión). Termina o traballo sen precisar axudas externas.	Precisa axudas puntuais para elaborar o texto	Amosa pouco interese no proceso de escritura.	individual	PORTAFOLIOS
------------	--	--	---	---	------------	-------------

ACTIVIDADE8. Facer unha etiqueta coa composición e información nutricional das galletas.

CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	Identifica e escribe correctamente nunha etiqueta todos os nutrientes das galletas.	Identifica e escribe correctamente nunha etiqueta a meirande parte dos nutrientes das galletas.	Identifica e escribe nunha etiqueta algún dos nutrientes das galletas.	Identifica e escribe con axuda algún dos nutrientes das galletas.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	ETIQUETA

ACTIVIDADE 9. Elaborar as galletas.

MTB 3.1.2 Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	Elix e usa con autonomía e precisión o instrumento de medida correspondente a masas e/ou volumes, expresando o resultado nas unidades correspondentes.	Emprega o instrumento adecuado con precisión e necesita pouca axuda para expresar as medidas nas unidades correctas.	Emprega o instrumento adecuado sen axuda, con pouca precisión e necesita guía para expresar as medidas nas unidades correctas.	Equivoca a elección do instrumento e non expresa as medidas nas unidades correctas.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	PORTAFOLIOS

CNB5.1.1. Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	Coñece, emprega e analiza de forma autónoma o funcionamento e os diferentes usos das máquinas e aparellos de uso cotián na escola.	Coñece, emprega de forma autónoma e analiza o funcionamento dalgunhas máquinas e aparellos de uso cotián na escola.	Coñece e emprega con axuda máquinas e aparellos sinxelos de uso cotián na escola e analiza de forma guiada o proceso do seu funcionamento.	Coñece algunha máquina ou aparello pero non sabe empregarlos.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	OBSERVACIÓN DIRECTA

LISTA DE COTEXO :

Utiliza aparellos de cociña... SÍ /NON

VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	Colabora voluntariamente e con boa disposición nas tarefas de ordenación e limpeza rexeitando desigualdades entre nenas e nenos.	Colabora voluntariamente nas tarefas de orde e limpeza rexeitando desigualdades entre nenas e nenos.	Colabora cando se lle solicita nas tarefas de orde e limpeza.	Mostra desgana e desinterese pola realización das tarefas de orde e limpeza.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	ESCALA DE OBSERVACIÓN

ACTIVIDADE10. Escribir a receita definitiva indicando as cantidades correctas.

LGB 4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básica aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
	Non hai erros de ortografía nin puntuación no documento final.	Hai un erro de ortografía e/ou puntuación no documento final.	Hai de dous a tres erros de ortografía e/ou puntuación no documento final.	O documento final ten máis de tres erros de ortografía e/ou puntuación.		RECEITA

LGB 3.1.2. Elabora o texto con coherencia xeral e de xeito creativo.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	A receita describe con precisión os ingredientes, cantidades e os pasos a seguir para elaborar o produto. Formula diferentes posibilidades alternativas ás da receita orixinal.	A receita describe con precisión os ingredientes, cantidades e os pasos a seguir para elaborar o produto.	A receita contén algunha imprecisión que non impide a elaboración do produto.	A receita contén varios erros que fan imposible elaboración do produto	Segundo o grupo clase e o perfil individual	RECEITA
	Desenvolve o proceso de escritura (planificación, escritura e revisión). Termina o traballo sen precisar axudas externas producindo un texto excelente para describir a receita.	Desenvolve o proceso de escritura (planificación, escritura e revisión). Termina o traballo sen precisar axudas externas.	Precisa axudas puntuais para elaborar a receita	Amosa pouco interese no proceso de escritura.		PORTAFOLIOS

ACTIVIDADE 11. Facer as bandexas.

EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.

+	A	B	C	D	-	Instrumento de avaliación
Segundo o grupo clase e o perfil individual	Planifica o proceso seleccionando adecuadamente o material e os instrumentos. Recorta e pega o material de forma autónoma presentando un produto cun rematado perfecto.	Planifica o proceso seleccionando adecuadamente o material e os instrumentos. Recorta e pega o material de forma autónoma presentando un produto cun rematado correcto.	Planifica parcialmente o proceso de selección do material e dos instrumentos . Ao recortar e pegar necesita axuda puntual .	Non planifica o proceso polo que o material nos é adecuadamente seleccionado e o produto final é defectuoso. Precisa moita axuda do profesorado e dos compañeiros e compañeiras.	Segundo o grupo clase e o perfil individual	

ACTIVIDADE 12. Levar a cabo o acto de agasallo.

Non se avalían estándares